



A Coruña, a 16 de maio de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°36 TEMP 2022-23.

Equipos participantes: C.W. Lugo - C.W.C. Rías Altas

Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.

Data de celebración: 07/05/2023.

FEITOS

. O día 10 de maio foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"En el minuto 4:35 del segundo período se expulsa definitivamente y con substitución disciplinaria al jugador local n° 10, D. Diego Sarmiento Carballo, con n° de licencia 1017586 por protestar reiteradamente las decisiones arbitrales."

- O día 10 de maio deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.a).
- Agravante de reincidencia do art. 12 xa que o xogador foi sancionado esta tempada por infracción á disciplina deportiva de igual gravidade (acta n 5 28 de outubro de 2.021)

RESOLVE

- Sancionar a D. Diego Sarmiento Carballo con número de licenza 1017586 xogador do C.W. Lugo cat. División de Honra Masculina con dous encontros de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN